

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

15698 *Real decreto 1656/2012, do 7 de decembro, polo que se modifican os estatutos dos organismos autónomos adscritos ao Ministerio de Defensa para a súa adaptación ao disposto no Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades.*

O artigo 6 do Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades, dispón que corresponde ao ministro de Facenda e Administracións Públicas a clasificación das entidades conforme a súa natureza e os criterios de clasificación previstos no artigo 5. Concretamente, no número 2 do mesmo precepto sinala que, salvo disposición legal en contrario, o número máximo de membros do consello de administración e órganos superiores de goberno ou administración das entidades non poderá exceder os 15 membros nas do grupo 1, os 12 membros nas do grupo 2 e os 9 membros nas do grupo 3.

Por outro lado, a disposición derradeira terceira do citado real decreto prevé que as entidades adoptarán as medidas necesarias para adaptar os seus estatutos ou normas de funcionamento interno ao previsto neste real decreto no prazo máximo de tres meses contados desde a comunicación da clasificación.

Por Orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas, do 6 de xuño de 2012, apróbase a clasificación dos organismos autónomos e recóllese no seu anexo a correspondente a cada un deles. No dito anexo inclúese no grupo 1 o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas»; no grupo 2, o Instituto de Vivenda, Infraestrutura e Equipamento da Defensa, o Servizo Militar de Construcións e o Instituto Social das Forzas Armadas e, no grupo 3, o Canal de Experiencias Hidrodinámicas de El Pardo e a Cría Cabalar das Forzas Armadas.

De acordo con esta clasificación, cómpre adecuar o número máximo de membros do consello de administración e órganos de goberno dalgúns dos organismos autónomos adscritos ao Ministerio de Defensa, mencionados no parágrafo anterior, para adaptalos ao establecido no citado Real decreto 451/2012, do 5 de marzo. Para isto, débense modificar o Estatuto do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas», aprobado polo Real decreto 88/2001, do 2 de febreiro, modificado polo Real decreto 343/2010, do 19 de marzo; o Estatuto do organismo autónomo Instituto de Vivenda, Infraestrutura e Equipamento da Defensa, aprobado polo Real decreto 1286/2010, do 15 de outubro; o Real decreto 451/1995, do 24 de marzo, polo que se reorganiza o organismo autónomo Canal de Experiencias Hidrodinámicas de El Pardo, modificado polo Real decreto 1636/2009, do 30 de outubro, e o Regulamento xeral da seguridade social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 1726/2007, do 21 de decembro.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Defensa, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 7 de decembro de 2012,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Estatuto do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas», aprobado polo Real decreto 88/2001, do 2 de febreiro, modificado polo Real decreto 343/2010, do 19 de marzo.*

O Estatuto do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas», aprobado polo Real decreto 88/2001, queda modificado como segue:

Un. O artigo 7 do Estatuto do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas» queda redactado como segue:

«Artigo 7. *Composición do Consello Reitor.*

O Consello Reitor do Instituto está constituído por:

1. O presidente.
2. O director xeral do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial, que actuará como vicepresidente.
3. Os vogais.
4. O secretario do Consello Reitor, cargo que será desempeñado polo secretario xeral do Instituto Nacional de Técnica, con voz pero sen voto.»

Dous. O artigo 9 do Estatuto do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas» queda redactado como segue:

«Artigo 9. *Vogais do Consello Reitor.*

Serán vogais do Consello Reitor:

1. O xefe do Estado Maior do Exército do Aire.
2. O director xeral de Asuntos Económicos do Ministerio de Defensa.
3. O director xeral de Armamento e Material do Ministerio de Defensa.
4. O xefe do Estado Maior Conxunto da Defensa.
5. O xefe do Mando de Apoio Loxístico do Exército do Aire.
6. O xefe da División de Plans do Estado Maior do Exército do Aire.
7. Un representante do Ministerio de Economía e Competitividade con categoría, ao menos, de director xeral, nomeado polo ministro dese departamento.
8. O director xeral do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial do Ministerio de Economía e Competitividade.
9. Un representante do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con categoría, ao menos, de director xeral, nomeado polo ministro dese departamento.
10. Un representante do Ministerio de Fomento con categoría, ao menos, de director xeral, nomeado polo ministro dese departamento.
11. Un representante do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo con categoría, ao menos, de director xeral, nomeado polo ministro dese departamento.
12. Un representante da Axencia Estatal de Investigación Consello Superior de Investigacións Científicas nomeado polo seu consello reitor.
13. Unha persoa de recoñecido prestixio científico-técnico nomeada polo secretario de Estado de Defensa, por proposta do director xeral do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial.»

Artigo segundo. *Modificación do Estatuto do organismo autónomo Instituto de Vivenda, Infraestrutura e Equipamento da Defensa, aprobado polo Real decreto 1286/2010, do 15 de outubro.*

O número 2 do artigo 11 do Estatuto do organismo autónomo Instituto de Vivenda, Infraestrutura e Equipamento da Defensa, aprobado polo Real decreto 1286/2010, do 15 de outubro, queda modificado como segue:

«2. O Pleno do Consello Reitor estará integrado polos seguintes membros:

- a) Presidente: o secretario de Estado de Defensa.
- b) Vicepresidente: o director xerente do Instituto de Vivenda, Infraestrutura e Equipamento da Defensa.

c) Vogais:

- 1.º O subsecretario de Defensa.
- 2.º O director xeral de Infraestrutura do Ministerio de Defensa.
- 3.º O director xeral de Asuntos Económicos do Ministerio de Defensa.
- 4.º O director xeral de Orzamentos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- 5.º O director xeral de Patrimonio do Estado do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- 6.º O asesor xurídico xeral da Defensa.
- 7.º O interventor xeral da Defensa.
- 8.º O segundo xefe de Estado Maior do Exército de Terra.
- 9.º O segundo xefe de Estado Maior da Armada.
- 10.º O segundo xefe de Estado Maior do Exército do Aire.

d) Secretario: o secretario xeral do Instituto de Vivenda, Infraestrutura e Equipamento da Defensa, con voz pero sen voto.»

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 451/1995, do 24 de marzo, polo que se reorganiza o organismo autónomo Canal de Experiencias Hidrodinámicas de El Pardo, modificado polo Real decreto 1636/2009, do 30 de outubro.*

O número 1 do artigo 5 do Real decreto 451/1995, do 24 de marzo, modificado polo Real decreto 1636/2009, do 30 de outubro, queda redactado como segue:

«1. A composición do Consello Reitor é a seguinte:

a) Presidente: o director xeral de Armamento e Material do Ministerio de Defensa.

b) Vicepresidente: o director do Canal de Experiencias Hidrodinámicas de El Pardo (Cehipar), que substituirá o presidente, en caso de ausencia, vacante ou enfermidade.

c) Vogais:

1.º O subdirector xeral de Tecnoloxía e Innovación da Dirección Xeral de Armamento e Material do Ministerio de Defensa.

2.º Un representante do Ministerio de Economía e Competitividade, con categoría, ao menos, de subdirector xeral, nomeado polo ministro deste departamento.

3.º O director de Construcións Navais Militares da Xefatura de Apoio Loxístico da Armada.

4.º O director da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Navais da Universidade Politécnica de Madrid (UPM).

5.º O director do Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas (Cedex) do Ministerio de Fomento.

6.º Un representante da Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, con categoría, ao menos, de subdirector xeral, nomeado polo ministro deste departamento.

7.º O director xeral da Unión Española de Construtores Navais (Uninave).

d) Secretario: o secretario xeral do Cehipar, con voz pero sen voto.»

Artigo cuarto. *Modificación do Regulamento xeral da seguridade social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 1726/2007, do 21 de decembro.*

O Regulamento xeral da seguridade social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 1726/2007, do 21 de decembro, queda modificado como segue:

Un. O número 1 do artigo 12 queda redactado como segue:

«1. O Consello Reitor terá a seguinte composición:

- a) Presidente: o subsecretario de Defensa.
- b) Vicepresidente: o secretario xeral xerente do Instituto Social das Forzas Armadas (Isfas), que substituirá o presidente en caso de ausencia deste.
- c) Vogais natos:
 - 1.º Director xeral do persoal do Ministerio de Defensa.
 - 2.º Os xefes dos mandos ou xefaturas de persoal dos tres exércitos.
 - 3.º O subdirector xeral de Persoal da Garda Civil.
 - 4.º O director xeral de Recursos do CNI.
- d) Vogais asesores:
 - 1.º O asesor xurídico xeral da Defensa.
 - 2.º O interventor xeral da Defensa.
 - 3.º O inspector xeral de Sanidade da Defensa.
- e) Secretario: o asesor xurídico do Isfas.»

Dous. O número 1 do artigo 14 queda redactado como segue:

«1. A Xunta de Goberno estará composta da seguinte forma:

- a) Presidente: o secretario xeral xerente do Isfas.
- b) Vogais:
 - 1.º Os directores de persoal dos mandos ou xefaturas de persoal dos tres exércitos.
 - 2.º O xefe de persoal da Garda Civil.
 - 3.º O inspector xeral de Sanidade da Defensa.
 - 4.º O subdirector de prestacións do Isfas.
 - 5.º O subdirector económico-financieiro do Isfas.
 - 6.º O secretario xeral adxunto do Isfas.
 - 7.º O director xeral de Recursos ou membro do CNI en quen aquel delegue, con rango, ao menos, de subdirector xeral.
 - 8.º O asesor xurídico do Isfas, quen exercerá, ademais, a función de secretario.
 - 9.º O interventor delegado do Isfas.»

Disposición derradeira primeira. *Modificación da disposición adicional primeira do Real decreto 454/2012, do 5 de marzo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Defensa.*

A disposición adicional primeira do Real decreto 454/2012, do 5 de marzo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Defensa, queda modificada como segue:

«Disposición adicional primeira. *Orde de precedencias das autoridades do departamento.*

A orde de precedencia das autoridades do departamento nos actos de carácter especial a que alude o Ordenamento xeral de precedencias no Estado, aprobado

polo Real decreto 2099/1983, do 4 de agosto, e no réxime interno do ministerio, é a seguinte:

- a) Ministro de Defensa.
- b) Xefe de Estado Maior da Defensa.
- c) Secretario de Estado de Defensa.
- d) Subsecretario de Defensa.
- e) Xefe de Estado Maior do Exército de Terra.
- f) Xefe de Estado Maior da Armada.
- g) Xefe de Estado Maior do Exército do Aire.
- h) Secretario xeral de Política de Defensa.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de decembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO